

## GRUPOS E OBRAS

A Adala - <i>Comeza a función</i> .....	Pág. .
A Adala Infantil - <i>Que cousas pasan no camiño!</i> .....	Pág. .
A Mariña - <i>O gardián da árbore dos desexos</i> .....	Pág. .
A Rabela Teatro - <i>As consultas do Doutor Baldomero Bautista</i> .....	Pág. .
Alentía Teatro - <i>No berce dos contos</i> .....	Pág. .
Ardora - <i>O silencio do badal</i> .....	Pág. .
Argalleiras Teatro - <i>O feitizo</i> .....	Pág. .
Asociación Cultural Abrente - <i>As pastillas do Farruco</i> .....	Pág. .
Axóuxeres - <i>Un divorcio no pobo</i> .....	Pág. .
Centro Teatral Faro-Miño - <i>Sintrón nin són</i> .....	Pág. .
Colectivo Cultural Ollomao - <i>Enciclopedia Álvarez</i> .....	Pág. .
Curuxan Teatro Impro - <i>Improvincia</i> .....	Pág. .
Escola de Teatro Falcatrueiros - <i>G-13</i> .....	Pág. .
Grupo de Teatro Augas do Sil - <i>Princesa busca pretendente</i> .....	Pág. .
G. de T. da Biblioteca Munic. de Antas de Ulla - Acto único. <i>Un cabaret do máis normal</i> .....	Pág. .
Grupo de Teatro Down - <i>Soños</i> .....	Pág. .
Grupo de Teatro Viraventos - <i>Sucesos</i> .....	Pág. .
Grupo Humorístico Trípode - <i>O muro</i> .....	Pág. .
Hipócrita Teatro - <i>Hotel Desencanto</i> .....	Pág. .
Lume Escénico - <i>Noite de Reis</i> .....	Pág. .
Metátese Teatro - <i>Na procura dun traballo</i> .....	Pág. .
Nova Escena Teatro - <i>As fillas de Eva</i> .....	Pág. .
O Batán - <i>Bicos de vinagre</i> .....	Pág. .
O Bordelo - <i>Toluras de proveito</i> .....	Pág. .
O Centiño - <i>El guindilla</i> .....	Pág. .
O Torques - <i>Cena de familia</i> .....	Pág. .
Obra Viva - <i>Casa Macho</i> .....	Pág. .
Os Baluros - <i>Menciñeiro á forza</i> .....	Pág. .
Os Palimoquiños - <i>Borralliña</i> .....	Pág. .
Os Pinchacarneiros - <i>O Lazarillo do Miño</i> .....	Pág. .
Os Trocos - <i>Unha noite de primavera sen sono</i> .....	Pág. .
Pico do Castro - <i>Matías está tolo</i> .....	Pág. .
Rebuldeira Teatro - <i>Delicadas</i> .....	Pág. .
Sacarina - <i>Madialeva</i> .....	Pág. .
Teatreiras - <i>Pros e contras</i> .....	Pág. .
Teatro Lucho Hospital Xeral-Calde - <i>O achado do Castro</i> .....	Pág. .
Ti e máis Eu Teatro - <i>A meiga no palleiro do galo castiñeiro</i> .....	Pág. .
Touporroutou Teatro - <i>A comedia bifida</i> .....	Pág. .

### A Adala

FOZ

#### Comeza a función (todos os públicos)

Anos 40. Nunha aldea, dous veciños lévanse mal..., pero que moi mal. Un día ao saír da Igrexa, entre apartar e non apartar o un do outro e viceversa, acabaron por romper a pía da auga bendita. Ante a esixencia do cura para facerse cargo do arranxo, e como ningún dos dous tiña cartos, decidiron montar unha obra de teatro para recadar fondos. Tras asinar unha tregua, contar coa colaboración dos veciños e superar varios atrancos, foron quen de sacar a obra de teatro adiante, con máis éxito do esperado.

**Cervo (Vilaestrofe): 15 de setembro // Alfoz: 9 de novembro // Barreiros: 10 de novembro**

### A Adala Infantil

FOZ

#### Que cousas pasan no camiño! (público infantil - familiar)

Esta é unha obriña que trata sobre o amor verdadeiro. Un trobeiro e un demo están namorados da mesma princesa, pero o primeiro non é do gusto do Rei, porque non ten diñeiro e a simple vista tampouco parece moi listo. Para quedar ben con el, pero asegurándose de que non poida casar coa princesa, o Rei pon a proba ao rapaz: ten que facer o camiño de Santiago e traerlle unha cuncha. Se o consegue poderá casar coa princesa. Para asegurarse de que non sexa así, o Rei conta coa axuda do demo, que lle porá mil atrancos. Máis o trovador tamén contará con importantes aliados que velarán por el para que alcance o seu cometido: o apóstol Santiago, San Francisco de Asís, a Vía Láctea e unha das súas fillas caída do ceo.

**Cervo (Vilaestrofe): 14 de setembro // Begonte (Castro): 21 de setembro // Alfoz: 26 de outubro**

### A Mariña

CERVO

#### O gardián da árbore dos desexos (público familiar)

Nun mundo máxico chamado Estrela Polar, hai unha árbore moi especial capaz de conceder todo tipo de desexos. Para velar que os desexos que se piden non sexan dañinos, hai un gardián que non deixa de traballar, pois sen parar chegan visitantes con desexos do máis variopinto. Como o gardián é algo folgazán, de cando en cando unha fada madiña ten que poñerlle as pilas para velar polo traballo ben feito. A miúdo, os visitantes piden desexos moi materialistas, ou que poden conseguir por si mesmos se poñen empeño, por iso que a árbore non lles concede o que piden. Isto provoca enfados. É nese momento cando aparece un anxo que lles fai reflexionar sobre a necesidade de esforzarse para alcanzar as súas metas por si mesmos.

**Láncara: 7 de setembro // Sarria: 19 de outubro // Foz (Cangas): 1 de decembro**

### A Rabela Teatro

BARALLA

#### As consultas do Doutor Baldomero Bautista (todos os públicos)

A trama desenvólvese na sala de espera das dúas consultas do Doutor Bautista: a de oculista e a de dentista. Por estes dous espazos, desfilan unha serie de peculiares personaxes, nalgúns casos con vidas paralelas (o pai Zacarías que acude acompañado de dúas monxas e do que se comenta que ten unha morea de fillos, o pícaro Primo que pasa de todo, a vella Lisarda que todo o enreda, un dentista de modais atípicos...)

Esta obra é unha tormenta de improvisacións na que o público ten asegurada unha gargallada continuada.

**Guntín: 8 de xuño // Cervo: 22 de xuño // Meira: 26 de outubro**

### Alentía Teatro

PALAS DE REI

#### No berce dos contos (público infantil e familiar)

Esta é a historia dun aprendiz de pallaso que se sente atraído pola maxia e a fantasía dos contos. A través da lectura, búscase fomentar valores positivos como a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto pola diversidade e a interculturalidade e o interese pola preservación das tradicións. Trátase dunha obra chea de optimismo: hai que manter a esperanza de conseguir un mundo mellor, e que mellor maneira de facelo que a través dos libros e das historias gardadas neles.

**Viveiro: 21 de setembro // As Nogais: 2 de novembro // O Corgo: 9 de novembro**

### Ardora

CERVO

#### O silencio do badal (todos os públicos)

Esta obra trata sobre a violencia de xénero e os dereitos que moitos homes cren ter sobre as mulleres, o que os leva nalgúns casos a dispoñer da súa vida.

Pero, na ansia de extinguir esa lacra, sempre asoma un fio de luz que superpón a razón humana sobre a barbarie.

**Cervo: 22 de setembro // Trabada: 5 de outubro // Xove: 30 de novembro**

### Argalleiras Teatro

CHANTADA

#### O feitizo (maiores de 8 anos)

O pobre Arlequino vive desesperado por culpa dos ciumes, xa que pensa que a súa muller o enganou, polo que decide quitarse do medio. Pero cando vai facer unha tolemia, unha muller regálalle un anel que lle fará esquecer todo aquilo que non lle gusta, permitíndolle así vivir mellor. Este acontecemento dará lugar a moitos equívocos e situacións cómicas co resto de personaxes da trama.

**Baralla: 13 de xullo // Sarria (Louseiro): 19 de outubro // Foz (Cangas): 17 de novembro**

**Asociación Cultural Abrente**

**AS NOGAIS**

**As pastillas de Farruco (público adulto)**

Que as pastillas poden ter algún efecto non desexado é algo de todos coñecido, e que hai que ser moi coidadoso para non enganarse cos medicamentos tamén. Agora ben, se un vai comprar unhas pastillas para os nervios e vai pensando en que tamén ten que ir ao veterinario por razón dunha porca que non anda en celo, pois igual é demasiado revoltixo de cousas para unha cabeciña soa. E se por riba as dichosas pastillas pasan polas mans de varias persoas, o lío está servido. Xa se sabe que “cabalo de moitos, dorme fóra”. Pois o dito, a ver como fai Rosendo para desfacer o embeleño que amañoou coas pastillas.

**Carballedo: 7 de setembro // O Incio: 28 de setembro // Pol: 26 de outubro**

**Axóuxeres**

**FOZ**

**Un divorcio no pobo (todos os públicos)**

Os homes da pequena e afastada aldea de Riofrío, pasan o día xogando á baralla na taberna, chegando á casa bébedos, mentres que as mulleres teñen que traballar na labranza e atender aos fillos. Pero un día, a María cansa e cando o seu home chega á casa, dalle uns estacazos e vai parar ao cárcere. Que pasará? A comedia está servida.

**Cervo (Trasbar): 26 de outubro // O Corgo (Cela): 23 de novembro // Ribadeo: 1 de decembro**

**Centro Teatral Faro-Miño**

**CHANTADA**

**Sintrón nin són (todos os públicos)**

Esta obra revela desde un punto de vista cómico-satírico cal é realidade do noso actual sistema sanitario. A través dunha sucesión de gags, represéntanse situacións cotiás que quen máis ou quen menos experimentou nalgunha visita ao médico ou ao hospital. E todo mesturado con moita retrans, retórica e idiosincrasia galega.

**A Pobra do Brollón (Liñares): 3 de agosto // Baleira: 2 de novembro // Barreiros: 24 de novembro**

**Colectivo Cultural Ollomao**

**BARREIROS**

**Enciclopedia Álvarez (todos os públicos, preferentemente adulto)**

Esta é a historia dos nenos e nenas que durante o franquismo foron sometidos á absurda e ilóxica “des-educación” da escola do réxime, pero contada desde o prisma dos adultos que son agora. Esta é unha pequena mostra do que foron as escolas durante aquela etapa, e do tratamento que se facía nelas de temas como o feminismo, a lingua, a autoridade ou a relixión. Unha historia contada con humor, pero que fai reflexionar, aínda que sexa “chorando de risa”.

**Portomarín: 21 de setembro // O Vicedo: 5 de outubro // A Pastoriza (Reigosa): 16 de novembro**

**Curuxan Teatro Impro**

**LUGO**

**Improvincia (público adulto)**

Esta é unha aposta pola improvisación, cómica en parte, pero cun toque dramático. Non se segue un guión e o espectador ten un papel protagonista na creación das tramas que xurden. Deste xeito, a improvisación convértese nun formato idóneo para captar a un público que habitualmente non consume teatro convencional. Con este formato, nunca dúas actuacións son iguais, polo que o efecto sorpresa está garantido e o rumbo de cada trama sempre é unha incerteza.

**Cospeito (Muimenta): 20 de xullo // O Vicedo (San Román): 14 de setembro // Begonte: 23 de novembro**

**Escola de Teatro Falcatrueiros**

**MONTERROSO**

**G-13 (todos os públicos)**

Nunha civilización do futuro, catro antropólogas, produto dunha raza aséptica, estilizada e pragmática, estudan os costumes e a cultura dunha nación situada no enclave 13 do mapa, experimentando con catro anciáns superviventes daquel lugar do noroeste. O que se busca con esta distopía é satirizar unha cultura xa extinta dende un futuro imaxinario.

**Castroverde (Espasande): 13 de xullo // Taboada: 21 de setembro // Quiroga: 9 de novembro**

**Grupo de Teatro Augas do Sil**

**RIBAS DE SIL**

**Princesa busca pretendente (todos os públicos)**

Esta comedia trata sobre unha princesa festeira á que súa nai quere casar para poder xubilarse. Máis a princesa Godofreda non ten présa por contraer matrimonio, polo que trata de esquivar a toda costa aos aspirantes que lle busca súa nai. Os pretendentes veñen cada un do seu reino, e compórtanse segundo a súa maneira de ser, pero ningún logra facerse coa atención dunha princesa que só sente verdadeira devoción pola pizza de catro queixos.

**Foz (Cangas): 6 de outubro // Folgoso do Courel: 26 de outubro // O Incio: 27 de outubro**

**Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla**

**Acto único. Un cabaret do máis normal (todos os públicos)**

Imos asistir a un acto único. Persoas únicas, pero tamén unha oportunidade única para coñecelas. Teñen as súas teimas, as súas preocupacións, as súas alegrías, as súas tristezas, as súas peculiaridades, como calquera. Se non estivesen enriba dun escenario, non atoparíamos a ocasión de admirar as súas habilidades, de escoitar o que nos queren dicir. Ás veces non nos decatamos de que ao noso redor hai mulleres e homes extraordinarios, únicos na súa especie. Pois aquí están. E aínda nos podemos divertir un pouco.

**Muras: 19 de outubro // Chantada: 9 de novembro // Quiroga: 30 de novembro**

#### **Grupo de Teatro Down**

**LUGO**

##### **Soños (todos os públicos)**

Demetrio e Lisandro queren a Hermia. Ela só ten ollos para Lisandro, pero o pai dela só acepta a Demetrio. A súa amiga Helena ama a Demetrio, pero este amor non é correspondido. Hermia e Lisandro acordan fuxir da cidade ao amparo da escuridade pero son perseguidos por un enfurecido Demetrio que, á súa vez, é perseguido por unha extasiada Helena.

No bosque, sen o coñecemento dos mortais, Oberón e Titania (rei e raíña das fadas) teñen unha disputa sobre un criado. A trama xira cando o súbdito de Oberón, Puck, corre solto cunha flor que fai que as persoas namoren do primeiro que ven ao espertar.

**Sarria: 28 de setembro // Palas de Rei: 19 de outubro // Castroverde: 23 de novembro**

#### **Grupo de Teatro Viraventos**

**MONFORTE**

##### **Sucesos (público adulto)**

Conxunto de pezas breves que poderían enmarcarse no que adoita denominarse “comedia urbana contemporánea”. En escena, diversos personaxes cotiás envoltos en situacións que destilan un marcado ton de absurdo e humor negro. Os temas que se tratan son a precariedade económica na vellez, o culto a aparencia na época das redes sociais, as novas formas de soidade na sociedade actual e, transversalmente, as dificultades na comunicación humana.

**Bóveda: 10 de novembro // Monforte: 16 de novembro // Foz (Cangas): 24 de novembro**

#### **Grupo Humorístico Trípode**

**ALFOZ**

##### **O muro (todos os públicos)**

Dona Dorotea, rica propietaria, é unha muller egocéntrica e egoísta. Non quere por nada do mundo que as súas terras se enchan de inmigrantes. Por iso encárgalles a Luisete e Pacón, dous albanéis de pouca monta, que lle constrúan un muro semellante ao que algúns pretenden facer entre México e Estados Unidos. Porén, as cousas non saen ao dereito: varios inmigrantes de pobos marxinaos queren entrar e, a verdade, consígueno pola manifesta incompetencia dos dous albaneis.

Mediante o recurso á comedia, trátanse temas de actualidade moi serios, como a xenofobia, a discriminación entre ricos e pobres ou a inxustiza. A moralexa: todos temos algo que aportar na procura do ben común.

**O Valadouro (Alaxe): 5 de outubro // Riotorto: 19 de outubro // Outeiro de Rei: 2 de novembro**

#### **Hipócrita Teatro**

**LUGO**

##### **Hotel Desencanto (maiores de 13 anos)**

O Hotel Desencanto non é o mellor lugar para vivir situacións idílicas. Sen embargo, os seus hóspedes semellan ignoralo. Todos, ou case todos, chegan ao Hotel co ánimo de gozar dunha estancia agradable. Lograrano?

**Lourenzá: 21 de setembro // Sober: 26 de outubro // O Vicedo: 9 de novembro**

#### **Lume Escénico**

**A PONTENOVA**

##### **Noite de Reis (todos os públicos)**

Na costa de Iliria naufragou un barco. Un dos sobrevivintes foi unha muller chamada Viola, que perdeu ao seu irmán Sebastián durante o naufragio. Coa axuda do capitán do barco, Viola disfrazouse de home, cambiando o seu nome polo de Cesáreo para traballar no Pazo do Conde Orsino, namorado de Lady Olivia. Pero este era un amor non correspondido. A través de Cesáreo, Orsino tratou de transmitir os seus sentimentos a Oliva, pero todo intento foi fallido porque Olivia de quen estaba namorada era de Cesáreo, que a súa vez namorou de Orsino... E así nesta lea, o enredo está servido.

**Pantón: 3 de novembro // Ribeira de Piquín: 16 de novembro // Meira: 30 de novembro**

#### **Metátese Teatro**

**PALAS DE REI**

##### **Na procura dun traballo (todos os públicos)**

Este é un espectáculo que reflexiona en clave de humor sobre diversos temas de actualidade: o mundo laboral, a emigración, os medios de comunicación... O espectáculo arrinca cun programa de televisión no que se anuncia un novidoso aparello que permite viaxar no tempo. García, Pérez e López, homes sen traballo, abandonados e sumidos nunha crise existencial, deciden mercalo e probar sorte noutras épocas. É así como viaxan ata a Prehistoria, o Antigo Exipto, Roma, a Alta Idade Media, o lonxano Oeste... na procura dunha felicidade que non atopan na época que lles tocou vivir. Nesas viaxes vivirán divertidas aventuras que manterán curiosa a ollada do espectador.

**Carballedo: 26 de outubro // Pantón: 27 de outubro // Burela: 16 de novembro**

### Nova Escena Teatro

LUGO

#### As fillas de Eva (público adulto)

Nun país asolado por unha longa guerra, Eva loita por soste-la casa e ás fillas, fiando con esforzo o día a día entre o desánimo e a esperanza. Para ela o futuro repousa no seu único fillo varón. A chegada do seu marido desestabilizará o feble equilibrio do seu mundo. Este é un drama no que se reflexiona sobre o papel da muller nos conflitos armados.

**Viveiro: 19 de outubro // Vilalba: 16 de novembro // Bóveda: 24 de novembro**

### O Batán

FOZ

#### Bicos de vinagre (todos os públicos)

Comedia sobre as relacións entre pais e fillos e a desestruturación da familia tradicional. Cando os fillos marchan da casa, non sempre se comportan cos pais como deberían. E os pais, a miúdo, empregan aos fillos como parapeto tralo que agochar os seus propios defectos. A moralexa desta obra: cómpre revisar certas conductas familiares que sempre perxudican aos máis débiles: os fillos.

**Viveiro: 12 de outubro // O Vicedo: 19 de outubro // Castroverde: 30 de novembro**

### O Bordelo

CERVO

#### Toluras de proveito (todos os públicos)

Esta é unha reflexión sobre a importancia da honestidade nunha sociedade como a actual, profundamente marcada pola perda dos valores tradicionais. Como convencer ás novas xeracións de que progresar facendo trampas non é unha opción? Os éxitos hai que traballalos porque case nunca se chega a eles pola vía máis doada.

**Trabada: 7 de setembro // Riotorto: 28 de setembro // O Valadouro (Alaxe): 26 de outubro**

### O Centiño

FOZ

#### El Guindilla (todos os públicos)

Esta é unha parodia do rimbombante mundo dos espectáculos televisivos. Eduardo, o presentador dos informativos da cadea Teleparrucha, ponse moi nervioso ante as cámaras e tateixa sen parar. Por iso é desprezado pola maioría dos seus compañeiros e polo seu xefe. Pero unha serie de acontecementos farán que aflore o superheroe que leva dentro. Moralexa: as apariencias non o son todo, nin sequera no mundo da televisión.

**O Valadouro: 5 de outubro // Xermade: 26 de outubro // Ourense (Bravos): 9 de novembro**

### O Torques

BURELA

#### Cena de familia (todos os públicos)

Esta é unha cena familiar, na que non se fala nin de fútbol nin de política, senón que da herdanza que recibirán cando morra a nai, a cal está moi enferma e encamada. As necesidades de cada un dos familiares e o apuro de que morra, desencadea pelexas pola herdanza. Pero ocorre algo co que non contaban: a nai morre e todo indica que foi un asasinato. O inspector da policía, coa colaboración do público, tratará de averiguar quen foi o culpable ao máis puro estilo Agatha Christie. Todo tratado con aires de comedia.

**O Corgo (Cela): 7 de setembro // Cervo (Vilaestrofe): 21 de setembro // Alfoz: 16 de novembro**

### Obra Viva

VIVEIRO

#### Casa Macho (todos os públicos)

Esta peciña trata sobre o difíciles que poden chegar a ser as relacións dentro dunha familia, fundamentalmente polas diferenzas interxeracionais, as conductas machistas e o legado patriarcal. Todo isto é tratado en clave de humor, apostando pola defensa da nosa fala, a reivindicación de valores e a denuncia social.

**Cervo: 14 de setembro // Foz (Cangas): 3 de novembro // Guitiriz: 1 de decembro**

### Os Baluros

CASTRO DE REI

#### Menciñeiro á forza (todos os públicos)

Marta é a muller de Nicasio, un xornaleiro bonachón. Son un matrimonio que sempre anda á porfía. Como ela está un pouco cansa da actitude do seu marido, maquina unha vinganza: facerlles crer aos criados de Don Xulián do Mesón de Lea, que andan a buscar un menciñeiro para a súa filla Engracita, que Nicasio é un dos mellorciños curandeiros que hai. Os criados levan a Nicasio pola forza a ver a Engracita, a cal perdeu a fala non se sabe por que mal. Pero todo é ficticio, o que pretende Engracita é que seu pai a deixe casar co seu mozo e non con quen Don Xulián ten planeado. Ao final todo acaba ben, pero non se pode contar máis.

**Baralla: 27 de outubro // Castroverde (Espasande): 2 de novembro // As Nogais: 23 de novembro**

### Os Palimoquiños

LUGO

#### Borralliña (público adulto - familiar)

Hai moito moito tempo, había un país moi rico gobernado por un Rei e unha Raíña xustos e bondadosos. El chamábase Cintolo e ela Madrepérola. Eran moi felices xunto co seu fillo Azul Celeste. Só unha preocupación atenazaba os seus corazóns, o desexo de ver ao seu fillo casado...

**O Saviñao (Escairón): 10 de novembro // Xermade 16 de novembro // Bóveda: 17 de novembro**

### Os Pinchacarneiros

LUGO

#### O Lazarillo do Miño (todos os públicos)

Esta é unha versión distinta do clásico do Lazarillo. Varios Lazarillos localizados nas terras do Miño, amosan unha realidade poboada de xentes de todo tipo, cregos nada caritativos, ricos que son máis ben mendigos, xente que se aproveita da boa fe dos demais ou persoas que loitan por ter un codelo de pan que levar á boca. Neste contexto, os diferentes lazarlillos deberán tirar do seu enxeño para poder sobrevivir e non morrer de fame. E todo isto con moito humor, danza, teatro e, sobre todo, integración.

**Portomarín: 14 de setembro // Guitiriz: 19 de outubro // Begonte: 16 de novembro**

### Os Trocos

CASTRO DE REI

#### Unha noite de primavera sen sono (todos os públicos)

Mariano e Alexandra son un matrimonio que entra nunha forte crise tras unha discusión que ten lugar no dormitorio conxugal. Esa noite, Mariano decide abandonar a casa entre ameazas de divorcio. Inmediatamente entra polo balcón Valentín, individuo en difíciles circunstancias. Seguidamente unha recua de personaxes estafalarios desfilarán polo escenario complicando a trama, como Adelaida, nai de Alexandra, ou Berta, a irmá de Valentín.

**Pol: 28 de setembro // Ribas de Sil: 26 de outubro // Burela: 9 de novembro**

### Pico do Castro

FOZ

#### Matías está tolo (maiores de 14 anos)

Un bo día, Matías esperta no seu apartamento cunha estraña muller que se chama Patricia, a cal lle asegura que el a convidou a aloxarse uns días. A situación complícase cando aparece Xiana, veciña de Matías, da que está namorado. A trama complétase coa nai de Matías, sobreprotectora ao extremo, e co fontaneiro Daniel, que indo reparar unha avaría, sofre unha descarga e morre. Esta é unha comedia na que a continua entrada e saída de personaxes, as situacións disparatadas e os enredos, garanten as risas e a diversión do público.

**Friol (Carballo): 19 de outubro // O Valadouro: 26 de outubro // Xove: 23 de novembro**

### Rebuldeira Teatro

SARRIA

#### Delicadas (maiores de 14 anos)

Esta é unha historia de historias, baseadas na súa maioría nas vivencias de mulleres ás que lles tocou vivir a guerra e a posguerra, situacións que lles serviron para ser duras e fortes. Nunca podían xogar porque sempre estaban ocupadas. Debían gardar todo, porque todo valía. Sempre preocupadas pola familia. Enfrentadas cos miliciáns pola ideoloxía. A despedida do irmán que se vai á guerra. A soidade da muller vendo que a vida pasa. Rapaces que tiñan que disimular as súas vidas. O pai que quere ser amigo da súa filla no facebook. O mozo que está no fronte e precisa ter unha foto da súa noiva espida... Todas son historias que teñen ou non relación entre elas, e que nos trasladan con humor a través do tempo, ao tempo que nos fan lembrar e reflexionar.

**Foz (Cangas): 20 de outubro // Sober: 16 de novembro // Lugo: 23 de novembro**

### Sacarina

CHANTADA

#### Madialeva (todos os públicos)

Este espectáculo é unha maridaxe de monólogos e gags cómico-satíricos nos que se critica a situación da sociedade actual nos diferentes ámbitos: política, educación, sanidade... Esta é unha demostración da capacidade que temos os galegos para rirnos de nós mesmos, pero tamén dos outros.

**Taboada: 4 de agosto // Ribas de Sil: 16 de novembro // Friol (Carballo): 30 de novembro**

### Teatreiras

MONFORTE

#### Pros e contras (maiores de 12 anos)

É difícil asegurar ata onde nos poden levar a desesperación, o medo, o fracaso ou a impotencia. É difícil saber como reaccionaríamos se nos ocorre, mais a vida leva a cada quen a reaccionar como pode.

Ana é unha muller á que as circunstancias laborais e sociais a levan a tomar unha decisión certamente trágica, que se verá condicionada pola intromisión das súas veciñas e doutros personaxes da historia. O percorrido da acción irá amosando varias maneiras de pensar e reaccionar ante o feito crucial e impactante dun desafiuzamento. A visión traxicómica da peza, amosa o lado máis cómico e esperanzador dos feitos cotiáns.

**Sarria: 7 de xullo // Monforte: 26 de outubro // Foz (Cangas): 27 de outubro**

### Teatro Lucho Hospital Xeral-Calde

LUGO

#### O achado do Castro (todos os públicos)

Nun manuscrito atopado nun Castro, cóntase unha historia da época dos romanos. Un emperador, que tiña unha filla chamada Carmiñae, oporase a que esta teña unha relación sentimental con Manolitus, fillo da adinerada Arpexia, que tamén se opón a esta relación. Entre tanto, un par de ladróns tratarán de roubarlle o medallón ao emperador.

Esta obra lévanos á Roma antiga, mais faino xogando coa lingua, obrigando a que os personaxes falen coma nós, con termos modernos, o que leva a situacións moi cómicas dende un latín un chisco especial. Como boa historia

romana hai un emperador, que é de todo agás espilido, soldados, filósofos, barbudos, sabios, unha historia de amor... e moito humor.

**Lugo: 28 de setembro // Cervantes (San Román): 9 de novembro // O Saviñao (Escairón): 24 de novembro**

#### **Ti e máis Eu Teatro**

**LUGO**

##### **A meiga no palleiro do galo castiñeiro (público infantil – familiar, obra outonal)**

A castaña! Ese froito loiro que antaño era un manxar nas casas dos labregos na estación outonal... Outeiros cheos de ourizos agochados entre as follas caídas, pero que as escolledoras nas mans d@s rabuscador@s expert@s sempre eran quen de atopar. Unha meiga doutros tempos chagará para tentar de convencernos do bo e nutritivo que é o produto... ata pode que convenza á dona da casa para que faga un caldo de garula, uns zonchos ou unhas castañas asadas. Mais cal será a súa sorpresa ao querer ocupar un espazo prohibido que aparece ateigado de castañas... O palleiro, fogar e dominio do galo castiñeiro, será un lugar prohibido que ninguén alleo á casa poderá pisar xamais... bufff! Que liorta!!!

**Cospeito (Muimenta): 28 de setembro // Triacastela: 2 de novembro // Alfoz: 23 de novembro**

#### **Touporroutou Teatro**

**FOZ**

##### **Comedia bífida (todos os públicos)**

Esta obra trata dun xuízo á lingua, ou máis ben, ao emprego que dela facemos os galegos. Cómpre que esteades mortos para participar nesta farsa do xuízo final. Se non o estades, quizais poidades asistir a este encontro con algunhas das situacións que a diario vivimos en relación co galego. Dispoñédevos a rir, sorrir e pensar. Porque algunhas das cousas que facemos e dicimos sobre a nosa lingua non as entende nin san Pedro.

**A Pastoriza (Reigosa): 28 de setembro // Begonte: 19 de outubro // Ribadeo: 3 de novembro**